

## DEITADO FRENTE Ó MAR...

Lingua proletaria do meu pobo  
eu faloa porque si, porque me gosta  
porque me peta e quero e dame a gana  
porque me sae de dentro, alá do fondo  
dunha tristura aceda que me abrangue  
ó ver tantos patufos desleigados,  
pequenos mequetrefes sen raíces  
que ó pór a garabata xa non saben  
afirmarse no amor dos devanceiros,  
falar a fala nai,  
a fala dos abós que temos mortos,  
e ser, co rostro erguido,  
mariñeiro, labregos da linguaxe,  
remo e arado, proa e rella sempre.

Eu faloa porque si, porque me gosta  
e quero estar cos meus, coa xente miña,  
perto dos homes bos que sufren longo  
unha historia contada noutra lingua.

Non falo prós soberbios,  
non falo prós ruíns e poderosos,  
non falo pra os finchados  
non falo pra os valeiros,  
non falo pra os estúpidos,  
que falo prós que agoantan rexamente  
mentiras e inxusticias de cotío;  
prós que súan e choran  
un pranto cotián de volvoretas,  
de lume e vento sobre os ollos nús.  
Eu non podo arredar as miñas verbas de  
tódolos que sufren neste mundo.  
E ti vives no mundo, terra miña,  
berce da miña estirpe,  
Galicia, doce mágoa das Espanñas,  
deitada rente ó mar, ise camiño...

CELSO EMILIO FERREIRO